




XUNTA  
DE GALICIA



# ACTUACIÓNS PROGRAMADAS POLA XUNTA DE GALICIA PARA CONMEMORAR AS LETRAS GALEGAS 2012, DEDICADAS A VALENTÍN PAZ-ANDRADE.

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación  
Universitaria



XUNTA  
DE GALICIA

## ANTECEDENTES

O Pleno da Real Academia Galega, reunido en sesión ordinaria do día 4 de xuño de 2011, acordou dedicarlle o Día das Letras Galegas 2012 a Valentín Paz-Andrade, poeta, político, intelectual e empresario.


A celebración das Letras Galegas, celebrada de maneira continuada desde 1963 a proposta de Francisco Fernández del Riego, Manuel Gómez Román e Xesús Ferro Couselo desde a máxima institución académica da lingua galega, foi adquirindo ano a ano unha ampla repercusión social. Hoxe en día, arredor do 17 de maio en todos os concellos de Galicia, e promovidas desde as máis diversas entidades académicas, sociais, culturais e políticas, prográmanse unha morea de actividades de celebración dos autores homenaxeados.

A programación arredor das Letras transcende xa o propio día e todo o mes de maio conta con charlas, presentacións de libros, exposicións, homenaxes e actos diversos para poñer en valor as motivacións da celebración anual.

Co fin de contribuír á proxección e á celebración cidadá dunha data tan sinalada no calendario da Autonomía, que mesmo a converteu en día festivo oficial, a Xunta de Galicia vén apoiando unha actividade institucional importante para a maior difusión do autor ou autora homenaxeada e para poñer en val a lingua e a literatura galegas.

A maior parte destas actuacións institucionais do Goberno galego son promovidas desde a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. A responsabilidade transversal sobre a lingua galega do conxunto das áreas de goberno fan que, tanto desde a Presidencia da Xunta de Galicia como desde diferentes departamentos, se produza un acompañamento institucional de actos promovidos nos diferentes sectores para celebrar esa data.

A coincidencia, desde os últimos anos, da celebración o 17 de maio das Letras galegas e o Día de Internet tamén convida a programar actos de promoción da lingua vinculándoa ás novas tecnoloxías.




## 1. ACTUACIÓNS NO ÁMBITO EDUCATIVO

**1.1 Concurso escolar para a elaboración de dúas exposicións, unha de primaria e outra de secundaria, de carteis artístico-explicativos e as súas correspondentes unidades didácticas sobre a vida e a obra de Valentín Paz-Andrade.**

Esta proposta da Secretaría Xeral de Política Lingüística naceu coa idea de favorecer a colaboración entre departamentos e a implicación activa do profesorado e do alumnado na elaboración de materiais referentes ao autor ao que cada ano se honra.

A colección de carteis gañadora de cada unha das etapas é editada e distribuída en todos os centros educativos de Galicia para que dispoñan dela a semana das Letras Galegas. Ademais da distribución nos espazos educativos, envíanse tamén os materiais aos Centros de Estudos Galegos das universidades do mundo, Centro Cañada Blanch (Londres), Santiago Apóstol (Buenos Aires), Casa de Galicia en Madrid etc.

Os centros gañadores da edición 2012 son o CEIP Alfonso Daniel R. Castelao, de Rianxo, e o IES Xoán Montes, de Lugo.



Promove: Secretaría Xeral de Política Lingüística.

### **1.2 Exposición itinerante por 14 localidades de Galicia sobre Valentín Paz-Andrade, con cinco paneis con audiovisuais.**

No primeiro semestre do ano, percorre diversos centros de educación secundaria e no segundo semestre do ano a itinerancia continúa nas bibliotecas nodais.


Promoven: Secretaría Xeral de Cultura e Secretaría Xeral de Política Lingüística.

### **1.3 Actividades dos Equipos de dinamización da lingua galega dos centros educativos**

Os equipos de dinamización da lingua galega, coordinados desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística, promoven un intenso labor durante todo o curso escolar para favorecer un maior uso e visibilización da lingua galega na vida dos centros, que tamén se proxecta con motivo da celebración das Letras Galegas.

Entre elas podemos atopar o *Xogo do Día das Letras Galegas*, un xogo interactivo de preguntas e respostas sobre este día, desde a súa xénese ata os nosos días; *Pasapalabra Valentín-Paz Andrade*; un telexornal sobre Paz-Andrade, webs informativas sobre a súa figura, unidades didácticas; materiais audiovisuais; cronobiografías ou mesmo iniciativas para promover o uso do galego nas empresas da contorna do centro, seguindo o exemplo de Paz-Andrade. [www.xunta.es/linguagalega/letras\\_galegas](http://www.xunta.es/linguagalega/letras_galegas)

Promoven: Equipos de dinamización da lingua galega (Secretaría Xeral de Política Lingüística)



## 1.4 Actividades arredor das Letras Galegas nas Bibliotecas escolares

Son numerosos os centros educativos que neste 2012, desde a rede de bibliotecas escolares, prepararon numerosas actividades e materiais para promover a afección pola lectura, achegar a obra de Paz-Andrade e dinamizar a biblioteca do centro como referente para obter recursos para a información e a aprendizaxe. Presentacións audiovisuais para as aulas, actividades interactivas, son algunhas das propostas que poden verse no web de Bibliotecas escolares <http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=taxonomy/term/7>


Promoven: Bibliotecas escolares dos centros educativos (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria)

## 1.5 Festa da Lingua nos centros da Ferega-Ceca

Nas semanas previas á celebración do Día das Letras Galegas a Federación de Relixiosos do Ensino de Galicia celebra a habitual Festa da Lingua na que se congregan miles de alumnos e alumnas de primaria de diversos centros de ensino pertencentes á federación.

Unha das actividades que teñen lugar na Festa da Lingua é a entrega do Premio Frei Martín sarmiento, que resolve o alumnado votando pola súa novela favorita. Esta actividade permítelles entrar en contacto cos escritores en lingua galega máis valorados por eles.

Colabora: Secretaría Xeral de Política Lingüística





## **2. ACTUACIÓNS DE DIFUSIÓN SOCIAL**

### **2.1 Creación do web [www.valentinpazandrade.org](http://www.valentinpazandrade.org)**

Desenvolvido por Industrias Pesqueras, foi presentado o pasado mes de febreiro polo secretario xeral de Política Lingüística e o secretario xeral de Cultura, conxuntamente coa Real Academia Galega, co Consello da Cultura Galega e co fillo do homenaxeado, Alfonso Paz-Andrade. Trátase dun centro virtual sobre a vida e a obra de Valentín Paz-Andrade, con textos informativos, referencias das súas obras, audiovisuais sobre o autor etc. A través del infórmase tamén da actualidade xerada sobre o autor.

Promove: Secretaría Xeral de Cultura.

### **2.2 Difusión de videopoemas de Paz-Andrade, a través da canle de televisión pública autonómica.**

Formato de minipezas audiovisuais construídas sobre versos escollidos, nun estilo desenfadado e dinámico para difundir a poesía do autor entre o conxunto da cidadanía. Emitiranse ao longo do mes de maio. Produce: Algarabía Animación.

Promove: Secretaría Xeral de Cultura. Colabora: CRTVG.



### 2.3 Acto institucional do 17 de maio.

Acto institucional da Xunta de Galicia, a seguir do acto académico central da RAG, na que o Presidente inaugurarán a exposición sobre o autor homenaxeado no CIFP Valentín-Paz Andrade, de Vigo.

Promove: Presidencia e Consellería de Cultura, Educación e O.U.

### 2.4 Actividades arredor das Letras Galegas nas bibliotecas nodais de Galicia

Ademais de acolleren no segundo semestre do ano a exposición itinerante con audiovisuais sobre Paz-Andrade, promovida pola Secretaría Xeral de Cultura, no mes de maio as bibliotecas nodais concentran numerosas actividades:

#### **Biblioteca González Garcés (A Coruña)**

- Conferencia “Valentín Paz-Andrade, a memoria do século XX”, a cargo de Tucho Calvo. Xoves 10 de maio ás 20 h.
- Mostra bibliográfica e Guía de lectura para os usuarios sobre Paz-Andrade.
- Exposición de carteis gañadores do concurso-exposición Letras Galegas 2012.
- Bookcrossing (ceibada de libros galegos), o xoves 10 de maio, ás 12 e ás 17 h.
- Exposición multimedia sobre outro autor de referencia nas nosas letras, Celso Emilio Ferreiro. Do luns 14 ao venres 25 de maio.
- Espectáculo de música e poesía *Amasónika: bossajazz e literatura*, por Estíbaliz Espinosa Trío, o venres 25 de maio ás 20 h.

- Maxia das Letras Galegas, co Mago Chrystyan. O sábado 19 de maio propónse unha actuación con historias máxicas baseadas en libros, para animar os lectores novos á lectura.

-Exposición do fondo infantil de reserva, de libros de interese especial publicados entre 1958 e a década dos 80, para dar a coñecer o fondo en galego.


### **Biblioteca Ánxel Casal (Santiago de Compostela)**

- Mostras bibliográficas arredor das Letras Galegas. Do 2 ao 31 de maio.

- No programa Biblioteca Participativa, representación o 16 de maio da obra de teatro "Boas-vindas mariñeiros" de Valentín Paz-Andrade, a cargo de Judith Rodríguez, usuaria da biblioteca e profesional do teatro. E o 18 de maio, conto e obradoiro de marcapáxinas "Moncho e a mancha", a cargo de alumnas do Ciclo Superior de Educación Infantil do CIFP Compostela, para nenos e nenas de 3 a 8 anos.

- Contacontos Letras Galegas, a cargo de Tanianuria, para nenos e nenas de 4 a 12 anos, o día 19 de maio.

- II Concurso de carteis do Día das Letras Galegas, para nenos de 3 a 14 anos, que se resolverá o día 16 de maio coa apertura da urna-tractor na que deben depositar os debuxos.



### **Biblioteca Nodal de Vigo**

- Sorteio das Letras Galegas. Co gallo desta celebración imos sortear o luns 21 de maio dous lotes de libros en galego para adultos e dous para infantil entre as persoas que compartan con nós o seu libro favorito da literatura galega. Cos votos dos participantes publicarase o listado de “Libros da literatura galega recomendados polos usuarios da biblioteca pública de Vigo”.
- Obradoiro de escrita creativa para adultos impartido por Francisco Castro, con inscrición previa. Duración: 6 horas. Luns 14, 21 e 28 de 19 ás 21 horas.
- Obradoiro de expresión oral para adultos “Comunícate en público” impartido por Uxía Blanco, o martes 15 de 19 a 21 h., con inscrición previa.
- “Itinerario poético pola defensa do idioma”. Recital no que percorrerá a historia contemporánea da lingua galega, partindo de textos poéticos, o día 16 ás 20 h.
- Actividade infantil “Carola carteira centola” de Polo Correo do Vento, coa ilustración dun mural entre os participantes. Martes 15 de maio de 18:30 a 19:30. Para maiores de 4 anos.
- “Moito conto” de Ana Carreira. Unha morea de contos para o sábado 19 ás 12:00 horas. Para maiores de 3 anos.

Promoven: Bibliotecas nodais. Secretaría Xeral de Cultura

## 2.5 Actividades do Sal3n Teatro o 17 de maio


O D3a das Letras Galegas a Compa3a Femma Fatale, dentro da programaci3n do Sal3n Teatro, despreparar3 a s3a Ronda po3tica, que percorrer3 as r3as de Santiago de Compostela a partir das 12.00 horas. O "batall3n literario" partir3 do Sal3n Teatro cara 3s r3as do Franco, Fonseca, Prater3as e R3a Nova a golpe de versos, facendo improvisaci3ns, agasallando poemas, recitando, escribindo versos no chan, bailando e interactuando cos viandantes.

Promove: Sal3n Teatro (Agadic)

## 2.6 Lingua de namorar.

Concurso de declaraci3ns amorosas en galego a trav3s do web, que vincula a celebraci3n das Letras galegas e Internet, enfocado 3 xente nova. Os premios, divididos en d3as categor3as, consisten en ferramentas electr3nicas: netbook, consola, c3mara de fotos dixital, ipad etc.

Promoven: Direcci3n Xeral de Xuventude e Secretar3a Xeral de Pol3tica Ling3stica.



## 2.7 Accións de rúa de música e poesía


Recitais poético-musicais para difusión da obra poética de Valentín-Paz Andrade, nas rúas principais de Vigo (xoves 10 de maio, ás 19:00 h.), Ourense (venres, 11 de maio ás 19:00 h.), A Coruña (sábado 12 de maio, ás 13:00 h.), Santiago de Compostela (martes 15 de maio ás 19:00 h.) e Pontevedra (mércores 16 de maio ás 19:00 h.). As actuacións corren a cargo do grupo Xardín Desordenado e Tender a man, este último en Pontevedra.

Promove: Secretaría Xeral de Cultura.

## 2.8 Festexo das Letras Galegas na Cidade da Cultura

As persoas que visiten a Cidade da Cultura o Día das Letras Galegas atoparán algunhas propostas para coñecer algo máis da obra poética do homenaxeado este ano. Todos os visitantes recibirán unha postal co poema “Palavras” de Paz-Andrade e pola tarde contarán coa proposta de poesía e música de Yolanda Castaño e o grupo *Tender a man*, sobre as creacións do autor.

Promove: Fundación Cidade da Cultura



## 2.9 Apoio ás entidades locais nas actividades das Letras Galegas

A través da convocatoria de axudas ás entidades locais para a realización de actividades de dinamización lingüística, promóvense iniciativas diversas arredor da semana das Letras Galegas, para favorecer a posta en valor da lingua e favorecer o seu uso entre a cidadanía aproveitando tamén esta celebración.

Froito da colaboración co ámbito local, e promovida neste caso coa Deputación da Coruña, vai ter lugar a **Festa dos Bolechas** que animará as rúas da Coruña o martes 13 de maio para goce dos cativos e cativas con música e libros.


**Festiletras**, a referencia da festa da lingua en Ponteceso, celebra do 16 ao 20 de maio os trinta anos deste festival, no que estarán presentes artistas de primeira liña do ámbito da música, da maxia, da literatura... para poñer en valor a lingua galega.

Colabora: Secretaría Xeral de Política Lingüística

## 2.10 Celebración das Letras Galegas nos supermercados

O grupo Vegalsa-Eroski promove unha campaña de difusión de materiais divulgativos sobre o Día das Letras Galegas 2012 dedicado a Valentín Paz-Andrade, para dalo a coñecer entre os clientes dos diferentes supermercados do grupo en Galicia.

Colabora: Secretaría Xeral de Política Lingüística



### **2.11 Campaña institucional Día das Letras Galegas**

Acción publicitaria en diferentes medios de comunicación de Galicia (soportes impresos, radiofónicos e audiovisuais).

Promove: Secretaría Xeral de Medios.

### **2.12 Suplemento especial para a difusión exterior da figura de Valentín Paz-Andrade**

Publicación mensual de España Exterior dedicada ás Letras Galegas, que se distribúe nos centros galegos de diversos países.

Colabora: Secretaría Xeral de Política Lingüística.

### **2.13 Documental *Valentín Paz-Andrade. Cen chaves de luz* en [www.linguagalega.tv](http://www.linguagalega.tv)**

Con motivo das Letras galegas emitirase na canle de difusión do galego en internet, [linguagalega.tv](http://linguagalega.tv), un documental sobre a figura de Paz-Andrade, realizado por Acuarela Comunicación.

Promove: Secretaría Xeral de Política Lingüística





### 3. EDICIÓNS CONMEMORATIVAS

#### 3.1 Apoio á edición de novas obras sobre Valentín Paz-Andrade

Co fin de promover a investigación e a publicación de títulos centrados en diversos aspectos do autor ao que se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas, promóvese a aparición de edicións novas no mercado.

*A Biografía e antoloxía para nenos e mozos de Valentín Paz-Andrade* ou a edición facsimilar de *Galicia como tarefa*, presentado o 23 de abril co gallo do Día Internacional do libro e coincidindo co aniversario do nacemento do autor, son algunhas destas obras.

Colabora: Secretaría Xeral de Cultura.

#### 3.2 Edición do epistolario inédito de Valentín Paz-Andrade, en Cadernos Ramón Piñeiro.

Promove: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (Secretaría Xeral de Política Lingüística).







## **4.- ACTUACIÓNS DE DIFUSIÓN EXTERIOR**

### **4.1 Actividade nos lectorados de lingua e cultura galegas de universidades de todo o mundo**

Ao longo do mes de maio celebraranse recitais, charlas, exposicións de pequeno formato etc.

Estes son algúns exemplos:

#### **Departamento de galego da Universidade de Barcelona**

O xoves 10 de maio terá lugar na Facultade de Filoloxía da Universidade de Barcelona a conferencia a cargo do historiador Miguel Anxo Seixas, coa colaboración de Adolfo Sotelo, decano da Facultade de Filoloxía.

Do 4 ao 20 de maio poderá visitarse tamén, no Edificio Histórico, Vitrinas da Biblioteca General e Galería do Pati de Lletres, a exposición bibliográfica *Valentín Paz-Andrade. Activismo e resistencia*.

#### **Centro de Estudos Galegos da Universidade do País Vasco**

“Combate” poético: Valentín Paz-Andrade vs. Celso Emilio Ferreiro e *pintos-pote* galego.

### **Centro de Estudos Galegos da Universidade de Deusto**


Presentación do libro *Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria*, de Francisco Rodríguez (en colaboración coa AC Rosalía de Castro de Barakaldo). Recital poético-musical “Ergueremos a esperanza. Celso Emilio Ferreiro en tres poetas actuais”, con Andrea Nunes, Mario Regueira e Lorena Souto. Obradoiro de banda deseñada en lingua galega a cargo de Miguel Cuba. Conferencia “Valentín Paz-Andrade: galeguismo e modernidade”, no Centro Galego de Bizkaia en Barakaldo.

### **Centro de Estudos Galegos da Universidade de Granada**

Exposición dos carteis conmemorativos do día das letras dedicados a Valentín Paz-Andrade e conferencia a cargo de Xavier Varela, sobre os recursos do Instituto da Lingua Galega que se poden atopar en internet para traballar co galego.

### **Centro de Estudos Galegos da Universidade de Cáceres**

Conferencia-concerto de Bieito Romero (Luar na Lubre), o 2 de maio. Semana do 7 de maio, Cinema galego e literatura na Universidade. (Proxección de filmes) Semana do 14 de maio, exposición gráfica sobre Valentín Paz-Andrade. 19 de maio: concerto da banda galega Ülträqäns na sala 'El corral de las cigüeñas'.



### **Centro de Estudos Galegos da Universidade de Alacante**

Charla sobre a historia do Día das Letras Galegas e sobre Paz-Andrade e conferencia “Conexións entre as narrativas en linguas galega e castelá de Celso Emilio Ferreiro”.

### **Centro de Estudos Galegos da Universidade Nova de Lisboa**

A *Primavera Galega* celébrase cun ciclo de conferencias ao longo dos meses de abril e maio e con actividades como a *Feira do libro galego*, a exposición fotográfica “Ordesa”, un obradoiro de música tradicional galega, un encontro poético, unha exposición de artes plásticas, unha representación teatral e un recital poético.

### **Centro de Estudos Galegos da Universidade do Algarve**


Exposición na biblioteca universitaria do Campus de Gambelas sobre a vida de Paz-Andrade.

### **Centro de Estudos Galegos da Universidade do Minho**

No día 17 de maio emitirase un programa especial sobre Paz-Andrade na radio universitaria. E o 22 de maio, aula aberta: “De Rosalía de Castro a Valentín Paz-Andrade”.

### **Centro de Estudos Galegos da Universidade París 3**

Cursos monográficos sobre o Día das Letras Galegas e sobre Valentín Paz-Andrade, cunha exposición de carteis na Universidade e caderno de actividade. Tamén prestan colaboración cos actos da asociación *A Nosa Casa de Galicia de París*.



### **Centro de Estudos Galegos da Universidade de Kiel**

Charla a cargo escritora galega Inma López Silva. O profesor Gómez-Montero fará a introdución na que presentará a figura de Valentín Paz-Andrade.


### **Centro de Estudos Galegos da Universidade de Leipzig**

Acto homenaxe a Valentín Paz-Andrade cunha conferencia e un recital poético das súas composicións.

### **Centro de Estudos Galegos da Universidade de Rio de Janeiro**

Xornadas 2012 de Letras Galegas (16 e 17 de maio) con conferencias e mesas redondas sobre diferentes aspectos relacionados coa lingua e a literatura galegas, proxección dos filmes *Entre línguas* e *O Clube da calceta* con posterior faladoiro sobre estes.

Promoven: Centros de Estudos Galegos da Secretaría Xeral de Política Lingüística.



#### **4.2 Ciclo de conferencias sobre Valentín Paz-Andrade en Cuba.**

Ciclo de actividades sobre Valentín Paz-Andrade en La Habana (Cuba), promovido por *España Exterior*.

Colabora: Secretaría Xeral de Política Lingüística.

**4.3 Acto Valentín Paz-Andrade, emprendedor e poeta, no Centro Galego de Barcelona.** Acto de homenaxe a Paz-Andrade, presidido polo Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, coa Asociación de Empresarios Galegos en Cataluña.

Promoven: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e Centro Galego de Barcelona.

**4.4 Feiras do Libro de Bos Aires e Guadalajara.** Difusión da obra de Valentín Paz Andrade no expositor que a Xunta de Galicia instala nas dúas feiras americanas, en colaboración coa Asociación Galega de Editores.

Promove: Secretaría Xeral de Cultura.

**4.5 Acto conmemorativo sobre Paz-Andrade no Colexio Santiago Apóstol de Arxentina, o 26 de abril (coincidindo coa Feira do Libro de Buenos Aires).**

Colabora: Secretaría Xeral de Cultura.





## 5.- ACTUACIÓNS ACADÉMICAS

5.1 **Congreso Valentín Paz-Andrade**, organizado pola Real Academia Galega e as universidades.

Colabora: Secretaría Xeral de Cultura.





Máis información en  
<http://cultura.xunta.es>



XUNTA  
DE GALICIA